



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio
e as mulleres antifranquistas represaliadas”
Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)
20, 21 e 22 de maio de 2016

PRESENTACIÓN

“A PONTE DE PONTE LEDESMA”

Natalí González Cacho

Asociación Amigos/as da ponte de Ponte Ledesma

A súa idade

Sabemos que a ponte actual foi construída en torno ao ano 1574 e que actuou nela como mestre de obras D. Juan de Herrera. Coñecido como “el Transmerano” por ter nacido en Trasmieres (Cantabria). Juan de Herrera foi nomeado “maestro de obras de la ciudad de Santiago” no ano 1570 e tamén participou en obras na catedral de Ourense; a el atribúeselle a sancristía do mosteiro de Sobrado dos Monxes. Pero tamén sabemos que esta ponte que podemos contemplar na actualidade foi construída sobre unha ponte anterior que quedara moi deteriorada polas enormes riadas do ano 1571, que tamén causaron a desaparición do mosteiro de “San Xoán da Cova” en Ponte Ulla.

Sospeitamos que esta ponte máis antiga, sobre a cal está construída a actual ponte, era de orixe romana. Hai autores que sitúan a vía romana XIX (que ía de Astorga ata Lugo) cruzando o río Ulla en Ponte Ledesma, pero aínda que non fose así é moi probable que algunha vía secundaria da época romana pasase por alí. Así que, cando miramos para a ponte non é ilóxico pensar que 20 séculos de historia nos están contemplando a nós.

O primeiro documento do que temos constancia na Asociación de Veciños/as que nos dá veracidade da antigüidade da ponte é o Testamento de D. Gonzalo Ruíz de Bendaña redactado en Camanzo no ano 1253. Neste testamento, ademais de diversas propiedades para o mosteiro de Camanzo, deixa 50 soldos (moeda da época) para a ponte de Ponte Ledesma.

Ao longo de todos estes anos, como xa vimos expoñendo, a ponte foi sometida a numerosas obras e reformas para o seu mantemento. Unha das últimas grandes reformas tivo lugar a finais do século XIX e foi custeada polos produtores de viño do Ribeiro (a segunda denominación de orixe máis antiga de España) pois o viño do Ribeiro que era enviado a Santiago pasaba pola ponte de Ponte Ledesma.

A súa historia

Posiblemente foron moitos os episodios históricos dos que foi testemuña a ponte, pero un dos máis documentados foi a batalla que nela tivo lugar durante a guerra da independencia. Alí enfrontáronse 2.000 soldados do que naquel momento estaba considerado un dos mellores exércitos do mundo, o exército de Napoleón, armados con dous canóns, armas de fogo e cabalería, contra 2.000 labregos agrupados na “Xunta do Trasdeza” e armados con paus, pedras e apeiros de labranza. Nesta histórica batalla , que tivo lugar o 9 de Marzo de 1809 saíron vencedores os labregos, o que constituíu un feito inédito naquel momento. No ano 2009 foi colocado na ponte un monolito conmemorando a batalla, e ese monolito foi doado por un descendente do Xuíz Corrixidor das tropas da Xunta do Trasdeza, D. José María Rivas de Taboada.



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio
e as mulleres antifranquistas represaliadas”
Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)
20, 21 e 22 de maio de 2016

A ponte no Camiño de Santiago

Esta ponte tamén se atopa nun dos ramais do Camiño de Santiago, en concreto no Camiño do Sueste ou Mozárabe, popularmente coñecido como “A vía da Prata”. Unha vez que os peregrinos chegaban á zona de Lalín, moitos deles seguían o seu camiño por Ponte Ulla, pero había outros que desexaban visitar o santuario do Corpiño e o mosteiro de Carboeiro; pasaban tamén estes peregrinos por Santiago de Fontao (onde incluso houbo un pequeno hospital de peregrinos) e por Merza ata Santiago de Gres.

Os peregrinos que pasaban a noite en Gres durmían na casa natal do escritor D. Xosé Neira Vilas, que actualmente é casa-museo. Despois cruzaban a ponte de Ponte Ledesma previo pago dun importe que aparece reflectido nunha pedra que se atopa xunto á ponte a carón dunha pequena capela dedicada á Virxe do Carme. Subían por unha antiga calzada romana ata O Castro (parroquia de Oural), percorrían as terras situadas ao leste do Pico Sacro, dirixíanse a Santiago polo monte Rubio, subían por Sar, e entraban na cidade pola única porta da muralla que rodeaba a cidade de Santiago que aínda se conserva, a porta de Mazarelos.

A ponte como ruta comercial

Tal e como describe Elisa Ferreira no seu libro *Los caminos medievales de Galicia*, a ponte de Ponte Ledesma formaba parte das rutas comerciais que discorrían cara a Santiago e que inicialmente foran calzadas romanas. Sabemos de feito, como xa se mencionou antes, que a última gran reforma acometida na ponte tivo lugar a finais do século XIX e foi custeada polos produtores de viño do Ribeiro. Como anécdota, debe sinalarse que a entrada de viño na cidade de Santiago aparece reflectida tamén no Códice Calixtino, cunha breve referencia no libro V; cita que a Cidade de Santiago tiña sete portas (aínda que co tempo fóronse engadindo máis portas e postigos para o paso peonil): “As entradas e portas da cidade son sete. A primeira entrada chámase porta Francígena; a segunda Porta da Pena; a terceira, Porta de Sofrages; a cuarta, Porta do Santo Peregrino; a quinta, Porta Falgueriis, que conduce a Padrón; a Sexta Porta Susannis; e a sétima, Porta de Mazarelos, pola que chega a cidade o precioso Baco”.

Tamén era transitada polos comerciantes de aceite que, dende a zona de Quiroga, levaban o seu ouro líquido a Compostela e tamén cara ao porto da Coruña para seguir a chamada “Ruta do Atlántico”

A súa estrutura

A ponte mide 102 metros de longo e está formada por 9 arcos de sillería. Ten tallamares triangulares río arriba, e trapezoidais río abaixo.



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio
e as mulleres antifranquistas represaliadas”
Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)
20, 21 e 22 de maio de 2016

Curiosidades e lugares de interese preto da ponte nun radio de 2'5 km

Posiblemente haxa numerosas lendas que descoñecemos en torno á ponte, e tamén moitos lugares que visitar, pero algúns deles son os seguintes:

A carón da ponte, polo lado de Pontevedra, atópase a capela da Virxe do Carme. Existen distintas versións populares sobre a razón da súa construción. Unha delas di que un pescador que durante unha enchente non daba achegado a súa barca á beira do río, crendo que afogaba, encomendouse á virxe do Carme prometendo facerlle unha capela no lugar onde dera saído do río. Ao chegar á altura das insuas a súa barca quedou atrapada entre os carballos e el conseguiu chegar á beira, e por iso mandou construír alí a capela. Outra das versións di que un veciño viu ir polo río abaixo unha barca na que viaxaba a imaxe da Virxe do Carme que se venera na capela, sen que na barca fose ninguén mais. Intrigado, comezou a seguir a barca e fixo a promesa de que alí onde a barca se achegase á beira do río e puidese coller a imaxe da Virxe construírille unha capela para venerala.

Na sancristía da Igrexa de Abades está colgado un cadro pintado a finais do século XVIII no que se representa un “milagre” acontecido a carón da Ponte. Neste caso trátase dunha muller que estivo a piques de afogar xunto á ponte e que se encomendou á Nosa Señora dos Desamparados (que se atopa no santuario de Abades). Como conseguiu salvarse, e en agradecemento á Virxe, encargou que pintasen ese cadro no que se pode ver a ponte e unha muller na auga pedindo axuda.

Unha visita obrigada a carón da ponte son as insuas de Gres cos seus carballos, moitos deles centenarios, tamén dispón de zona de baño así como bancos e mesas para poder sentar con comodidade a tomar un refrixerio. Poderemos ver nas insuas dúas pedras con fermosas inscricións, nunha delas podemos ler unha poesía que D. Xosé Neira Vilas e a súa Dona, Anisia Miranda, lle dedicaron a esta paraxe. Na outra pedra podemos ler unha dedicatoria a un veciño, Adolfo, que foi gran amante e protector destas insuas.

Temos a poucos metros a casa-museo dun dos escritores galegos de máis renome, D. Xosé Neira Vilas, que está aberta en horario de tarde case todo o ano (recoméndase consultar horario).

Moi preto da casa do escritor atópase un pazo marquesal, hoxe en día, lamentablemente, en estado de abandono. Orixinariamente foi morada dunha das familias importantes da zona, a familia Herce (algún de cuxos membros foron alcaldes de cidades como Santiago e A Coruña). Unha das súas descendentes casou co político liberal Saturnino Calderón Collantes, que foi un senador e brillante ministro da raíña Isabel II e que loitou por aumentar o peso da diplomacia española sobre todo en Cuba e EEUU na primeira metade do século XIX. A un dos fillos deste matrimonio foille concedido o marquesado de Algara polo rei Alfonso XII.

Aproximadamente a 1 km está a igrexa románica de Camanzo, que foi un importante mosteiro, primeiro pertencente á diocese de Lugo e despois a San Paio de Antealtares en Santiago. Esta é unha visita moi recomendable polos moitos elementos do románico que aínda se poden admirar nela tanto no exterior como no interior. Un dato curioso é que neste mosteiro se refuxiaban as monxas Beneditas de Compostela en épocas de peste e de invasións.

Xunto á Igrexa de Ponte Ledesma poderemos admirar dúas fermosísimas oliveiras centenarias da raza autóctona “brava galega”, que estivo a piques de extinguirse e actualmente está en vías de recuperación. Dise que foron plantadas no ano 1735, cando se acabou de construír a igrexa, e que foron un agasallo dos comer-



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio e as mulleres antifranquistas represaliadas”

Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)

20, 21 e 22 de maio de 2016

cientes de aceite que levaban o seu produto cara a Santiago e Coruña cruzando o Ulla pola ponte de Ponte Ledesma. Pola súa antigüidade e envergadura, son únicas en Galicia. Tamén cómpre destacar desta igrexa o cilindro de pedra que adorna o seu campanario e que, ata onde sabemos, é, xunto co da igrexa compostelá de Santa Clara, único en Galicia (aínda que obviamente o da igrexa de Ponte Ledesma é moito mais pequeno que o da igrexa santiaguesa).

A poucos metros da igrexa atópase o “Souto de Vila”, unha explanada rodeada de castiñeiros que tamén serve como campo da festa. A época na que está máis fermoso é dende a primavera ata o outono pola frondosidade dos castiñeiros. En época de castañas pódense coller para consumo propio sen ningún problema.

No concello de Boqueixón, na lindante parroquia de Castro, atópase a antiga casa Reitoral, hoxe restaurada e de propiedade privada, e a capela do San Mauro. Tamén podemos ver o magnolio e as camelias centenarias da casa grande de Valderrama. Di a lenda que un dos antepasados dos Valderrama, que pertencía á liñaxe dos “Mariño de Lobeira”, se namorou dunha serea (de feito no escudo da familia aparece unha serea) e tivo fillos con ela, os de ollos claros levounos a serea para o mar, e o único que naceu con ollos escuros foi o que quedou en terra e continuou a liñaxe (o escritor D. Gonzalo Torrente Ballester baseouse nesta lenda para escribir un dos seus contos). O bisavó da actual dona foi D. Vicente Balo Mariño de Lobeira, que mandou construír a propiedade de Castro e tamén tivo numerosas propiedades en Santiago (cidade da que foi comendador) como o palacio que está fronte da antiga Facultade de Dereito, así como na Pobra do Caramiñal (onde a familia conserva aínda un pazo do século XVI, restaurado, no que podemos ver o seu escudo). Este home tivo dous fillos, Vicente (que por problemas de xogo perdeu as propiedades que lle quedaron en herdanza) e Dolores (a quen lle quedaron, entre outras, as propiedades de Castro, que foi quen de conservar). Posteriormente tamén se emparentaron coa familia Galinsoga, sendo algúns dos seus compoñentes afamados xornalistas e políticos.

Dous desafíos

Propoñémoslles aos visitantes máis aventureiros dous desafíos.

1º Que intenten localizar o MOSTEIRO de Ledesma que aparece mencionado na *Historia compostelá* escrita a finais do século XI e principios do XII; segundo di un dos textos nela escritos “A raíña Urraca dooulle a Santiago a metade do mosteiro de Ledesma coas súas dependencias e servidumes”.

2º Que intenten localizar o CASTELO de Ponte Ledesma. Lamentablemente, o pouco que sabemos deste castelo é pola crónica da súa destrución. O castelo pertencía á familia dos García Rodríguez de Ledesma. O seu propietario, nas revoltas de principios do século XIV que tiveron lugar en Santiago e que pretendían que a cidade deixase de ser un señorío eclesiástico e pasase a ser un señorío de realengo (dependente do rei), apoiou o bando que se opoñía á igrexa. Como finalmente a cidade seguiu sendo señorío eclesiástico, o arcebispo Berenguel de Landoira vingouse de todos os nobres que estiveran contra a igrexa, e en outubro do ano 1320 destruíu o castelo de Ponte Ledesma.

Sabemos, polo tanto, da existencia do MOSTEIRO e do CASTELO pola referencia que se fai deles en documentos antigos, pero non sabemos onde poden estar os seus restos (se é que queda algo deles). Aqueles aventureiros mais ousados que teñan a ben emprender a súa busca contarán con todo o noso apoio e colaboración.